



## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 29 DE NOVEMBRO DE 2012

### LICENZAS

#### EDIFICACIÓN

LIC/939/2012.- ROBERTO PAMPIN TATO.- Construcción de vivenda unifamiliar illada no lugar de Son de Abaixo.

LIC/1156/2012.- AGUSTIN VÁZQUEZ ILLODO.- Construcción de vivenda unifamiliar na rúa Folgoso – Figueiras, 17.

#### OUTRAS OBRAS.-

LIC/1712/2012.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS.- Instalación dun aparato elevador na rúa Amor Ruibal nº 33.

#### PARCELACION.-

LIC/1816/2012.- JOSÉ SEIJAS GARCÍA.- Parcelación no lugar de Santomil (+).

#### DEVOLUCIÓNS DE FIANZAS.-

LIC/1834/2012.- YAGOCASA SDAD COOP GALEGA.-.... LIC/2038/2009..... 10.000 €.-

LIC/1833/2012.- JOSÉ RAMÓN LOJO BUJAN.- ..... LIC/333/2010 ..... 1.500 €.-

LIC/1868/2012.- SANTIAGO CORRAL PORTELA.- ..... LIC/2330/2007 ..... 1.500 €.-

LIC/1325/2012.- MANUEL FERNÁNDEZ BENITO.- ..... LIC/831/2008 ..... 1.500 €..-

LIC/1857/2012.- RAFAEL HERNÁNDEZ LIÉBANAS.- .... LAP/20/2009 ..... 1.200 €.-

**4 a 24.- Proposta da concelleira delegada de facenda, orzamentos e contratación relativa a beneficios fiscais no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, no imposto sobre vehículos de tracción mecánica, no imposto sobre bens inmobilés, na taxa pola subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.**

Concédense os devanditos beneficios fiscais.

**35.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á aprobación do convenio co Club Arteal Tenis de Mesa. Año 2012.**

Apróbase o devandito convenio, polo que o Club Arteal de Mesa recibirá unha subvención de 14.000 €, que lle permite, entre outras cuestiós, participar na Superdivisión Masculina de Tenis de mesa durante a anualidade 2012.

**36.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á aprobación do convenio coa S.D. COMPOSTELA. Año 2012.**

Apróbase o devandito convenio, en virtude do cal a Sociedade Deportiva Compostela recibirá unha subvención de 6.000 €, que lle permite, entre outras cuestiós, participar na Segunda División de Fútbol Feminino durante a anualidade 2012.

**37.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á aprobación do convenio co Santiago Futsal, Liga Nacional de Fútbol Sala.**

Apróbase o devandito convenio, polo que o Club Santiago Futsal recibirá unha subvención de 50.000 €, o que lle permite entre outras cuestiós, participar na Liga Nacional de Fútbol Sala durante a anualidade 2012.

**38.- Liquidación dos gastos do programa Nadalxogo.**

Apróbase a proposta.

**39.- Autorización transporte regular de uso escolar para a empresa Transportes Mosquera S.L.**

Apróbase a autorización transporte regular de uso escolar á empresa Transportes Mosquera S.L. para o Colexio Compañía de María.

**40.- Autorización de transporte regular do uso escolar para a empresa Autocares de Santiago S.L.**

Apróbase a autorización de transporte regular do uso escolar á empresa Autocares de Santiago S.L. para o CEIP Montes dos Postes.

**41.- Autorización transporte regular de uso escolar para a empresa Autobuses Urbanos de Lugo, S.A.**

Apróbase a autorización transporte regular de uso escolar á empresa Autobuses Urbanos de Lugo, S.A. para o CEIP Cardenal Quiroga.

**42.- Autorización de transporte regular do uso escolar para a empresa Lázara.**

Apróbase a autorización de transporte regular do uso escolar á empresa Lázara para o CEIP Raíña Fabiola, IES Arcebispox Xelmírez I e IES Antón Fraguas.

**43.- Autorización transporte regular de uso escolar para a empresa Castromil S.A.**

Apróbase a autorización transporte regular de uso escolar á empresa Castromil S.A. para o CEIP Lamas de Abade, IES Lamas de Abade e IES Pontepedriña.

**44.- Autorización transporte regular de uso escolar para a empresa Monforte S.A.**

Apróbase a autorización transporte regular de uso escolar á empresa Monforte S.A. para o CEIP Ramón Cabanillas, CEIP Mestre Rodríguez Xixirei, CEIP Arquitecto Casas Novoa e IES de Sar.

**45.- Proposta do concelleiro delegado de Centros Sociocultutais relativa á prorroga do contrato de aluguer do local utilizado como centro sociocultural no barrio do Romaño.**

Apróbase á prorroga do contrato de aluguer do local utilizado como centro sociocultural no barrio do Romaño para o ano 2013 por un importe de 442,09 €/mes, IVE engadido, e sen revisión do IPC de acordo co pacto acadado polo arrendador e o Concello.

**46.- Proposta do concelleiro delegado de Centros Socioculturais relativa á prorroga do contrato de aluguer do local utilizado como centro sociocultural no barrio de Casas Novas.**

Apróbase a prorroga do contrato de aluguer do local utilizado como centro sociocultural no barrio de Casas Novas para o ano 2013 por un importe de 514,25 €/mes, IVE engadido, e sen revisión do IPC, de acordo co pacto acadado polo arrendador e o Concello.

**47.- Revisión tarifas urbanas do servizo de taxis de Santiago para 2013.**

Á vista do escrito presentado pola Asociación Compostelá de Auto-Taxi, do estudio económico, e visto o informe do técnico municipal, apróbanse as novas tarifas do servizo de taxis en Santiago de Compostela para 2013:

**TARIFAS**

- Percepción mínima diúrno: 3,65 €; nocturno: 5 €; festivo: 4,25 €.
- Km percorridos diúrno: 0,94 €; nocturno: 1,40 €; festivo: 1,17 €.
- Hora de espera diúrno: 19,40 €; nocturno: 28,50 €; festivo: 23,60 €.

**SUPLEMENTOS**

- Por maleta ou vulto: 0,50 €.
- Por bicicletas: 3,20 €.
- Por reserve servizo: 3,20 €.

**SERVICIOS CONTÍA FIXA**

- Aeroporto: 21 €.

**48.- Dar conta da sinatura do contrato de autorización de uso da vivenda municipal pola Asociación de Dano Cerebral de Compostela - Sarela.**

Dáse conta.

**49.- Dar conta da sinatura do contrato de autorización de uso da vivenda municipal pola Asociación Red Madre Coruña.**

Dáse conta.

#### URXENCIAS

1.- Apróbase o convenio entre o Concello e a Escudería Compostela para o desenvolvemento do Rali Botafumeiro, por importe de 11.000 euros.

2.- Apróbase o convenio entre o Concello e o Club Triatlón Bricosa para 2012, por importe de 12.000 euros.

3.- Apróbase a proposta do concelleiro delegado de Vías e Obras, de data 26.11.12 relativa á aprobación do Plan de actuacións de obras nas zonas ou sectores urbanos e suburbanos do municipio de Santiago para os exercicios 2013, 2014 e 2015.

4.- Apróbanse os listados e contás para o pagamento de bolsas de comedor escolar para o curso 2012/2013.

5.- Apróbase a suspensión de axudas de prestación económica municipal por traslado de residencia.

6.- Apróbase o convenio de colaboración cultural entre o Concello e a Sala Capitol para 2012, por importe de 11.000 euros.

7.- Apróbase o convenio de colaboración cultural entre o Concello e a Fundación Gonzalo Torrente Ballester para 2012, por importe de 24.000 euros.

8.- Apróbase o cambio de responsable administrativo do proxecto CERTO, iniciativa que conta cun orzamento de 166.239,82 euros, dos que o Concello achega 25.300,63 euros.

9.- Dáse conta da concesión dunha subvención da xefatura territorial da Consellería de Traballo e Benestar para realizar o obradoiro de emprego "Santiago Impulsa" e a incoación da xeración de crédito. A subvención é de 264.497,40 euros.

10.- Dáse conta da resolución complementaria da subvención da Consellería de Traballo e Benestar dun incremento no módulo de becas da acción formativa de operacións de fontanería-climatización doméstrica para o pago de traballadores desempregados, e incoación de xeración de crédito. O importe total da subvención é de 243.859,38 euros.

11.- Apróbase o convenio entre o Concello e o Instituto Rosalía de Castro para o Bacharelato Internacional 2012, por importe de 6.208 euros.

12.- Adxudícase o contrato de instalación, xestión e explotación dunha pista de patinaxe sobre xeo na Alameda durante o Nadal 2012-2013.

13.- Apróbase o expediente, gasto e apertura do procedemento de adxudicación do contrato administrativo especial para o conservación e mantemento do cemiterio municipal de Santiago.

14.- Adxudícase o servizo de mantemento e conservación das instalacións de calefacción dependentes do Concello, por un importe de 23.500 euros más IVE.

15.- Dáse conta da sinatura de convenios entre o Concello e Abagal (2.200 euros); USC, Programa Ruptura de Parella, Non de Familia, 51.000 euros; e Down Compostela, 10.450 euros.

16.- Dáse conta da sinatura do convenio entre o Concello e a Universidade da Coruña relativo ao proxecto de envellecemento activo POCTEPT 2007-2013.

17.- Apróbase a conta xustificativa do cuarto trimestre e do gasto do convenio de colaboración entre o Concello e o IGVS para o mantemento das oficinas municipais de rehabilitación-portelos únicos. Este cuarto trimestre o gasto son 34.441 euros.

18.- Apróbase a modificación do Plan de Formación Continua 2012.

19.- Acórdase a prórroga do contrato de aluguer do local sito na rúa Presidente Salvador Allende, 7 para oficinas municipais, a razón de 614,43 euros/mes.

20.- Dáse conta da concesión dunha subvención para actividades de información, orientación e busca de emprego, por importe de 24.171 euros en 2012 e 4.434 euros en 2013.

21.- Resólvese a convocatoria de subvencións ao movemento asociativo de mulleres, cun reparto total de 9.541 euros.

22.- Adxudícase o contrato de mantemento da páxina web municipal, por un importe de 26.600 euros más IVE.

23.- Apróbase o proxecto de reurbanización da rúa Raxoi (Fase II), actualizando o IVE, resultando o importe final de 131.390, 79 euros más IVE.